

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO** (sobre tema de tipo *Filosófico*)

### **OPCIÓN 1**

*A partir do seguinte fragmento de Agostiño de Hipona compón un texto sobre o tema **A realidade como creación: creación do mundo e antropoloxía:***

¿E que é entón? Preguntei á terra e díxome: “No son eu”; e todas as cousas que hai nela confesáronme o mesmo. Preguntei ó mar e ós abismos e ós réptiles de alma viva, e respondéronme: “Non somos o teu Deus; búscalo por encima de nós”. Interroguei as brisas que respiramos, e o ar todo, cos seus moradores, díxome: “Engánase Anaxímenes: eu non son o teu Deus.” Preguntei ó ceo, ó sol, á lúa e ás estrelas. “Tampouco somos nós o Deus que buscas”, respondéronme.

Dixen daquela a todas as cousas que están fóra das portas da miña carne: “Decídeme algo do meu Deus, xa que vós non o sodes; decídeme algo de el”. E exclamaron todas con grande voz: “El fíxonos”. A miña pregunta era a miña mirada, e a súa resposta, a súa aparencia.

Entón dirixinme a min mesmo e dixen para min: “¿Ti quen es?”, e respondín: “Un home.” Eis, pois, que teño en min dispostos un corpo e unha alma; a unha, interior; o outro, exterior. ¿Por cal destes é por onde debín buscar o meu Deus, a quen xa buscara polos corpos dende a terra ó ceo, ata onde puideren enviar os mensaxeiros raios dos meus ollos? Mellor, sen dúbida, é o elemento interior, porque a el é a quen comunican as súas noticias todos os mensaxeiros corporais, como a presidente e xuíz, das respostas do ceo, da terra e de todas as cousas que neles se encerran, cando din: “Non somos Deus” e “El fíxonos”. O home interior é quen coñece estas cousas por ministerio do exterior; eu interior coñezo estas cousas; eu, *Eu-Alma*, por medio do sentido do meu corpo.

Interroguei, finalmente, a mole do mundo acerca do meu Deus, e ela respondeume: “Non o son eu, simple feitura súa”.

**AGOSTIÑO DE HIPONA;** *Confesións* X 6.9.

---

*A partir do seguinte fragmento de Tomé de Aquino compón un texto sobre o tema **O problema de razón e fe:***

Aínda que a citada verdade da fe cristiá exceda a capacidade da razón humana, non por iso as verdades racionais son contrarias ás verdades de fe.

O naturalmente innato da razón é tan verdadeiro, que no hai posibilidade de pensar na súa falsidade. E aínda menos é lícito crer falso o que posuímos pola fe, xa que foi confirmado tan evidentemente por Deus. Logo como só o falso é contrario ó verdadeiro, como claramente proban as súas mesmas definicións, non hai posibilidade de que os principios racionais sexan contrarios ás verdades da fe.

O que o mestre infunde na alma do discípulo é a ciencia do doutor, a non ser que ensine con engano, o cal non é lícito afirmar de Deus. O coñecemento natural dos primeiros principios foi infundido por Deus en nós, xa que El é o autor da nosa natureza. A Sabedoría divina contén, por tanto, estes primeiros principios. Logo todo o que estea contra deles está tamén contra da sabedoría divina. Isto non é posible de Deus. En consecuencia, as verdades que posuímos por revelación divina non poden ser contrarias ó coñecemento natural.

**TOMÉ DE AQUINO;** *Suma contra os xentís*, lib.I cap.7, 1-3.

---

*A partir do seguinte fragmento de Ochkam compón un texto sobre o tema **O problema de razón e fe:***

En canto á afirmación de que hai dúas clases de ciencia, unha das cales procede de principios que son coñecidos *per se* pola luz dunha ciencia máis alta, eu replico que mesmo aínda que isto sexa verdade dunha ciencia subordinada, aínda así, un individual dado nunca ten coñecemento evidente das conclusións relevantes, a menos que as coñeza, sexa por experiencia ou por medio de premisas das que ten cognición evidente. De aí que sexa absurdo afirmar que *eu* teño coñecemento científico verbo desta ou daquela conclusión sen máis razón có feito de que *ti* coñezas principios que eu acepto en virtude da fe, porque ti mos dis. E, do mesmo xeito, é parvo afirmar que *eu* teña coñecemento científico das conclusións da teoloxía polo mero feito de que *Deus* coñeza principios que eu acepto en virtude da fe porque El os revelou.

**G. de OCKHAM**, *Ordinatio* I, prólogo, q. 7.

---

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)**

*A partir do seguinte fragmento de Maquiavelo compón un texto sobre o tema **O poder e o realismo político**:*

Polo tanto hai que deducir que, cando se conquista un estado, quen o ocupa ten que calcular cáles son os danos que vai ter que cometer e facelos todos dunha vez, para evitar renovalos diariamente, asegurándose deste xeito a fidelidade dos homes, gañándoos cos beneficios que lles ofrece. Quen actúe doutra forma, sexa por falta de decisión ou por estar mal aconsellado, verase obrigado a permanecer co coitelo na man e endexamais poderá apoiarse nos seus súbditos, porque estes, á súa vez, non se sentirán seguros con el, polas aldraxes que continuamente reciben. As ofensas débense facer todas de vez, para que ó non ser prolongadas danen menos, mentres que os beneficios se deben facer pouco a pouco, para saborealos mellor. E, sobre todo, un príncipe debe vivir cos seus súbditos de tal modo que ningunha eventualidade, mala ou boa, lle faga variar de conduta, porque, de ter que facelo nun momento de adversidade, non se chega a tempo para remediar o mal, e o ben que se fai non abonda porque, xulgándoo forzado, non se agradece.

**N. MAQUIAVELO**; *O Príncipe*, Cap.VIII: Dos que chegaron ó principado mediante delitos.

---

*A partir do seguinte fragmento de Bacon compón un texto sobre o tema: **O novum Organum**”: a teoría dos ídolos e o novo método indutivo:*

I. O home, servidor e intérprete da natureza, pode actuar e entender na medida e só na medida en que se ataña de feito ou no pensamento ó curso da natureza; fóra de aí nada coñece nin nada pode facer.

II. Nin a man espida nin o entendemento deixado a si mesmo poden facer moito. A obra lógrase con instrumentos e axudas, dos cales o entendemento está tan necesitado como o está a man. E así como os instrumentos da man prestan a esta ben pulo, ben orientación; do mesmo xeito os instrumentos da mente proporcionan ó entendemento unhas veces suxestións, outras advertencias.

III. Coñecemento humano e poder humano coinciden; pois onde a causa non é coñecida, o efecto non pode ser producido. Para dominala, a natureza ha de ser obedecida; e aquilo que na contemplación é a causa na operación é a regra.

XI. Así como as ciencias que agora temos non nos axudan a descubrir novos enxeños, do mesmo en nada contribúe a lóxica que agora temos ó descubrimento de novas ciencias.

**F.BACON**; *Novum Organum* ou *Indicacións relativas á interpretación da natureza* (1620)

---

**COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo Filosófico)**

**OPCIÓN 2**

*A partir do seguinte fragmento de Descartes compón un texto sobre o tema: **Teoría da substancia: substancia pensante e extensa:***

53. *Que cada sustancia ten un atributo principal e que o da alma é o pensamento, como a extensión [extension] é o do corpo.*— Mais, aínda que cada atributo sexa suficiente para facer coñecer a sustancia; hai, emporiso, un en cada unha que constitúe a súa natureza e a súa esencia e do que dependen todos os demais. A saber, a extensión [étendue] en longo, ancho e profundidade constitúe a natureza da sustancia corporal; e o pensamento constitúe a natureza da sustancia que pensa. Pois todo o que polo demais se poida atribuír ó corpo presupón a extensión e non é máis ca unha dependencia do que é extenso; igualmente, todas as propiedades que atopamos na cousa que pensa non son máis ca modos diferentes de pensar. Así non saberíamos concibir, por exemplo, figura se non é nunha cousa extensa, nin movemento máis ca nunha especie que é extensa; así a imaxinación, o sentimento e a vontade dependen dunha cousa que pensa de tal xeito que non os podemos concibir sen ela. Mais, ó contrario, podemos concibir a extensión sen figura ou sen movemento; e a cousa que pensa sen imaxinación ou sen sentimento, e así polo demais.

**R.DESCARTES;** *Os principios da filosofía*, I.53.

---

*A partir do seguinte fragmento de Spinoza compón un texto sobre o tema: **A teoría ética: a liberdade e as paixóns:***

*Parte IV. Da servidume humana ou da forza dos afectos: Prop.LIX:* A todas as accións a que somos determinados por un afecto que é unha paixón, podemos ser determinados sen el pola razón.

*Parte V. Do poder do entendemento ou da liberdade humana: Prop.XX;* (...) Con isto recollín todos os remedios e os afectos, ou sexa, todo o poder que a alma ten considerada en si soa, contra dos afectos. Por iso é evidente que a potencia da alma contra dos afectos consiste: 1º) no coñecemento mesmo dos afectos...; 2º) en que pode separar os afectos do pensamento dunha causa exterior que imaxinamos confusamente...; 3º) no tempo por cuxa virtude os afectos referidos ás cousas que coñecemos superan ós que se refiren ás cousas que concibimos confusa ou mutiladamente...; 4º) Na multitude de causas que fomentan os afectos que se refiren ás propiedades comúns das cousas, ou a Deus...; 5º) na orde –por último– con que pode a alma ordenar os seus afectos e concatenalos entre si...

**B. SPINOZA;** *ÉTICA. Demostrada segundo a orde xeométrica.*

---

*A partir do seguinte fragmento de Locke compón un texto sobre o tema **O coñecemento das ideas: orixe, tipos e límites; o problema da substancia:***

§5. *Todas as nosas ideas son ou dunha ou doutra clase.* Paréceme que o entendemento no ten o menor indicio de ningunha idea que non sexa das que recibe dunha desas dúas orixes. Os obxectos externos abastecen a mente de ideas de calidades sensibles, que son todas esas diferentes percepcións que producen en nós: e a mente abastece o entendemento con ideas das súas propias operacións. Se facemos unha revisión completa de todas estas ideas e dos seus distintos modos, combinacións e relacións, veremos que conteñen toda a suma das nosas ideas, e que nada temos na mente que non proceda dunha desas dúas vías. Examine calquera os seus propios pensamentos e furgue a fondo no seu propio entendemento, e que me diga, despois, se todas as ideas orixinais que ten alí non son das que corresponden a obxectos dos seus sentidos, ou a operacións da súa mente, consideradas como obxectos da súa reflexión. Por máis grande que se imaxine o cúmulo dos coñecementos aloxados alí, verá, se o considera con rigor, que na súa mente non hai máis ideas cás que foron impresas por conduto dunha desas dúas vías, aínda que, quizá, combinadas e ampliadas polo entendemento cunha variedade infinita, como veremos máis adiante.

**J. LOCKE;** *Ensaio sobre o entendemento humano*, L. II. Cap 1 Das ideas en xeral e da súa orixe.

---

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo *Filosófico*)**

*A partir do seguinte fragmento de Hume compón un texto sobre o tema **A negación da metafísica: Crítica da idea de substancia (cousas, eu, Deus):***

Hai algúns filósofos que imaxinan que somos conscientes intimamente en todo momento do que chamamos o noso Eu, que sentimos a súa existencia e a súa continuación na existencia, e que se atopan persuadidos, aínda máis que pola evidencia dunha demostración, da súa identidade e simplicidade perfecta... Desgraciadamente, todas estas afirmacións positivas son contrarias á experiencia que se presume en favor delas e non temos unha idea do Eu da maneira que se explicou aquí. ¿Pois de que impresión pode derivarse esta idea? Esta cuestión é imposible de responder sen unha contradición manifesta e un absurdo manifesto, e é, non obstante, unha cuestión que debe ser respondida se queremos ter unha idea clara e intelixible do Eu. Debe ser algunha impresión a que dá lugar a toda idea real. Agora ben; o Eu ou persoa non é unha impresión, senón o que supoñemos que ten referencia a varias impresións ou ideas. Se unha impresión da lugar á idea do Eu, a impresión debe continuar a ser invariablemente a mesma a través de todo o curso das nosas vidas, xa que se supón que existe desta maneira. Pero non existe ningunha impresión constante e invariable. A dor e o pracer, a pena e a alegría, as paixóns e sensacións sucédense unhas ás outras e non poden existir nunca a un mesmo tempo. Non podemos, pois, derivar a idea do Eu dunha destas impresións, e, xa que logo, no existe tal idea.

**D. HUME;** *Tratado da natureza humana*; L. I; P. IV; Sec. VI *Da identidade persoal*.

---

*A partir do seguinte fragmento de Rousseau compón un texto sobre o tema **O contrato social:***

Este paso do estado de natureza ó estado civil produce no home un cambio moi notable, substituíndo na súa conduta a xustiza polo instinto e dando ás súas accións a moralidade que antes lles faltaba. Só cando a voz do deber sucede ó pulo físico e o dereito ó apetito, o home, que ata entón só se considerara a si mesmo, vese forzado a obrar por outros principios e consultar a súa razón antes de escoitar as súas inclinacións. Aínda que nese estado se prive de varias vantaxes procedentes da natureza, compénsaas con outras tan grandes...

Reduzamos todo este balance a termos fáciles de comparar. O que perde o home polo contrato social é a súa liberdade natural e un dereito ilimitado a todo canto o tenta e que pode acadar; o que gana é a liberdade civil e a propiedade de todo o que posúe. Para no enganarnos nestas compensacións, hai que distinguir ben a liberdade natural que non ten máis límites cás forzas do individuo, da liberdade civil, que está limitada pola vontade xeral, e a posesión, que non é máis có efecto da forza ou o dereito do primeiro ocupante, da propiedade que non pode fundarse máis ca sobre un título positivo.

Segundo o que precede podería engadirse á adquisición do estado civil a liberdade moral, a única que fai ó home auténtico dono de si; porque o pulo do simple apetito é escravitude e a obediencia á lei que un se prescribiu é liberdade.

**J.-J.ROUSSEAU;** *O contrato social ou Principios do dereito político*, L.I.Cap.8. Do estado civil

---

*A partir do seguinte fragmento compón un texto sobre o tema **Kant e a Ilustración:***

Ilustración é a saída do home da súa minoría de idade, da que el mesmo é o culpable. Minoría de idade é a incapacidade de servirse do seu entendemento sen a dirección doutro. El mesmo é o culpable desta minoría de idade cando a causa dela non reside na falla de entendemento, senón na falla de decisión e valor para servirse con independencia del, sen a dirección doutro. ¡*Sapere aude!* ¡Ten valor de servirte do teu propio entendemento!, eis a divisa da ilustración.

Preguiza e covardía son a causa pola que unha tan grande parte de homes, moito despois de que a natureza os absolvera da dirección allea (*naturaliter maiorennnes*), emporiso fiquen a gusto menores de idade a vida enteira; e por iso lles resulta tan doado ós outros erguerse nos seus titores. ¡É tan cómodo ser menor de idade!

**I.KANT;** «Resposta á pregunta: ¿Que é ilustración?»

---

**COMPOSICIÓN DE TEXTO** (*sobre tema de tipo Filosófico*)

**OPCIÓN 1**

*A partir do seguinte fragmento de Aristóteles compón un texto sobre o tema* **A ética: virtude e felicidade:**

Se existe, pois, algún fin dos nosos actos que queiramos por el mesmo e os demais por el, e non eliximos todo por outra cousa... é evidente que ese fin será o bo e o mellor. E así ¿non terá o seu coñecemento grande influencia sobre a nosa vida e, como arqueiros que teñen un branco, non acadaremos mellor o noso? Se así é, temos que intentar comprender dun xeito xeral cal é e a cal das ciencias ou facultades pertence. Parecería que ha de ser o da máis principal e eminentemente directiva. Tal é manifestamente a política. En efecto, é ela a que establece qué ciencias son necesarias nas cidades e cales ten que aprender cadaquén, e ata qué punto... E, posto que a política se serve das demais ciencias prácticas e legisla ademais qué se debe facer e de qué cousas hai que afastarse, o seu fin comprenderá os das demais ciencias, de xeito que constituirá o ben do home; pois, aínda que o ben do individuo e o da cidade sexan o mesmo, é evidente que será moito máis grande e máis perfecto acadar e preservar o da cidade; porque, de certo, xa é apetecible procurado para un só, pero aínda é máis fermoso e divino para un pobo e para as cidades. Este é, pois, o obxecto da nosa investigación, que é unha certa disciplina política.

(...) Tornando ó noso tema, posto que todo coñecemento e toda elección tenden a algún ben, digamos cal é aquel ó que a política aspira e cal é o supremo entre todos os bens que poden realizarse. Case todo o mundo está de acordo en canto ó seu nome, pois tanto a multitude coma os refinados din que é a felicidade, e admiten que vivir ben e obrar ben é o mesmo que ser feliz. Mais acerca de qué é a felicidade dubidan e non o explican do mesmo xeito o vulgo e os sabios. Pois uns cren que é algunha das cousas visibles e manifestas, coma o pracer ou a riqueza ou as honras; outros, outra cousa; con frecuencia, mesmo unha mesma persoa opina cousas distintas: se está enfermo, a saúde; se é pobre, a riqueza; os que teñen consciencia da súa ignorancia admiran ós que din algo grande e que está por encima do seu alcance. Mais algúns cren que, aparte de toda esta multitude de bens, hai algún outro que é bo por si mesmo e que é a causa de que todos aqueles sexan bens.

**ARISTÓTELES;** *Ética a Nicómaco* libro I, 1094 a1–a17, –1095 a14–a28

---

**OPCIÓN 2**

*A partir do seguinte fragmento de Descartes compón un texto sobre o tema* **Existencia de Deus e a veracidade divina:**

En fin, se hai aínda homes que no estean suficientemente persuadidos da existencia de Deus e da súa alma polas razóns xa achegadas, han de saber que todas as demais cousas das que se pensan se cadra máis seguros, como de ter un corpo e de que hai astros e unha terra, e cousas semellantes, son menos certas. Pois aínda que teñamos unha seguridade moral destas cousas, tal que, a menos que se sexa moi extravagante, non se pode dudar delas; non obstante, tamén cando se trata dunha certeza metafísica, a menos que se sexa moi pouco razoable, non podemos negar que non sexa motivo suficiente para non estar enteiramente seguro del, o decatarnos de que podemos, do mesmo xeito, imaxinar estando durmidos que temos outro corpo e que vemos outros astros e outra terra, sen que iso sexa así. (...) E por moito que estuden os mellores enxeños, non creo que poidan dar ningunha razón que abonde para levantar esa dúbida, como non presupoñamos a existencia de Deus. Pois, en primeiro lugar, iso que hai pouco tomei como regra, a saber, que as cousas que concibimos moi claramente e moi distintamente son todas verdadeiras, só está asegurado a causa de que Deus é ou existe e de que é un ser perfecto e de que todo o que está en nós venenos del. De onde se segue que as nosas ideas ou nocións, sendo de cousas reais e que veñen de Deus, en canto son claras e distintas, non poden niso máis que ser verdadeiras.

**DESCARTES;** *Discurso do método*, P.IV

---

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO (sobre tema de tipo Filosófico)**

*A partir do seguinte fragmento de Spinoza compón un texto sobre o tema **A natureza humana: alma e corpo como dous modos finitos da substancia Deus:***

PROPOSICIÓN XIII: *O obxecto da idea que constitúe a alma humana é o corpo; ou sexa, certo modo da Extensión existente en acto, e non outra cousa.*

COROLARIO: *De aquí séguese que o home consta dunha alma e dun corpo, e que o corpo humano existe tal como o sentimos.*

ESCOLIO: *A partir do dito, non só entendemos que a alma está unida ó corpo, senón tamén o que debe entenderse por unión de alma e corpo. Porén, ninguén poderá entendela adecuadamente, ou sexa, distintamente, se non coñece primeiro adecuadamente a natureza do noso corpo.*

**B. SPINOZA;** *Ética. Demostrada segundo a orde xeométrica.*

*A partir do seguinte fragmento de Locke compón un texto sobre o tema **O coñecemento das ideas: orixe, tipo e límites; o problema da substancia:***

§ 4. *As operacións da nosa mente, a outra orixe das ideas.* Pero, en segundo lugar, a outra fonte de onde a experiencia abastece de ideas ó entendemento é a percepción das operacións interiores da nosa propia mente ó estar ocupada nas ideas que ten; as cales operacións, cando a alma reflexiona sobre elas e as considera, fornecen o entendemento doutra serie de ideas que no poderían terse derivado de cousas externas: tales son as ideas de percepción, de pensar, de dudar, de crer, de razoar, de coñecer, de querer e de todas as diferentes actividades das nosas propias mentes, das cales, posto que temos delas consciencia e podemos observalas en nós mesmos, recibimos no noso entendemento ideas tan distintas como recibimos dos corpos que afectan ós nosos sentidos. Esta fonte de ideas tena todo home en si mesmo, e aínda que non é un sentido, xa que non ten nada que ver con obxectos externos, con todo parécese moito e pode ser chamado con propiedade sentido interno. Pero, así como a outra chameina sensación, a esta chámola reflexión, porque as ideas que ofrece son só aquelas que a mente consegue ó reflexionar sobre as súas propias operacións dentro de si mesma. Polo tanto, no que segue deste discurso, quero que se entenda por reflexión esa advertencia que fai a mente das súas propias operacións e dos modos delas, e en razón dos cales chega o entendemento a ter ideas acerca de tales operacións. Estas dúas fontes, digo, a saber: as cousas externas materiais, como obxectos de sensación; e as operacións internas da nosa propia mente, como obxectos de reflexión, son, para min, as únicas orixes de onde todas as nosas ideas proceden inicialmente. Aquí emprego o termo “operacións” nun sentido amplo para significar, non tan só as accións da mente respecto das súas ideas, senón certas paixóns que algunhas veces xorden delas, tales como a satisfacción ou o desasosiego que calquera idea poida provocar.

**J.LOCKE;** *Ensaio sobre o entendemento humano, L. II. Cap 1 Das ideas en xeral e da súa orixe.*

*A partir do seguinte fragmento de Hume compón un texto sobre o tema **O emotivismo moral:***

Dado que a soa razón non pode nunca producir unha acción ou dar orixe á volición, deduzo que esta mesma facultade é tan incapaz de impedir a volición como de disputarlle a preferencia a unha paixón ou emoción. Esta consecuencia é inevitable. É imposible que a razón poida ter este último efecto de impedir a volición senón dando un pulo en dirección contraria á nosa paixón; e se tal pulo tivese actuado só, debería ter sido capaz de producir a volición. Nada pode opoñerse ó pulo dunha paixón, ou retardalo, senón un pulo contrario, e se este pulo contrario xurdira da razón, esta facultade debería ter unha influencia orixinaria sobre a vontade, e ser capaz de causar ou de evitar calquera acto volitivo. Pero se a razón non ten influencia orixinaria ningunha, é imposible que poida opoñerse a un principio que si posúe esa eficiencia, como tamén o é que poida suspender a mente sequera por un momento. Polo tanto é manifesto que o principio oposto á nosa paixón non pode ser o mesmo que a razón, e que só é denominado así en sentido impropio. Non nos expresamos estritamente nin dun modo filosófico cando falamos do combate entre a paixón e a razón. A razón é, e só debe ser, escrava das paixóns, e non pode pretender outro oficio có de servilas e obedecelas.

**D. HUME;** *Tratado da natureza humana; Libro II Das paixóns Parte III Da vontade e as paixóns directas, Sec. III Dos motivos que inflúen na vontade.*

## **COMPOSICIÓN DE TEXTO** *(sobre tema de tipo Filosófico)*

*A partir do seguinte fragmento de Rousseau compón un texto sobre o tema **O contrato social**:*

Supoño ós homes chegados a ese punto no que os obstáculos que prexudican a súa conservación no estado de natureza superan pola súa resistencia as forzas que cada individuo pode empregar para manterse neste estado. Daquela, este estado primitivo non pode xa subsistir e o xénero humano perecería se non mudara de maneira de ser.

Agora ben, como os homes non poden xerar novas forzas, senón só xuntar e dirixir as que existen, non teñen outro medio para conservarse có de formar por agregación unha suma de forzas que poida sobrepoñerse á resistencia, poñelas en xogo por un único móbil e facelas actuar concertadamente.

Esta suma de forzas non pode nacer máis ca do concurso de moitos, mais, como queira que a forza e a liberdade de cada home son os instrumentos da súa conservación, ¿como as comprometerá sen prexudicarse e sen desatender os coidados que se debe a si mesmo? Esta dificultade referida ó meu asunto pode ser enunciada nestes termos: «Atopar unha forma de asociación que defenda e protexa con toda a forza común a persoa e os bens de cada asociado, e pola cal cada un, uníndose a todos, non obedeza, non obstante, máis ca a el mesmo, ficando tan libre como o era antes» Eis o problema fundamental do que o Contrato social da a solución.

**J.-J. ROUSSEAU**; *O Contrato social ou Principios do dereito político*, Cap. 1.6. Do pacto social.

---

*A partir do seguinte fragmento compón un texto sobre o tema **O problema da metafísica en Kant**.*

Sendo a metafísica un coñecemento especulativo da razón, totalmente illado, que se ergue por completo por encima do que a experiencia ensina, a saber: por meros conceptos (non como a matemática pola aplicación dos mesmos á intuición), onde, xa que logo, a razón ten que ser ela mesma a súa propia discípula, a súa sorte ata o presente non foi tan propicia como para poder seguir o seguro camiño da ciencia...

¿A que se debe pois que aínda non puidera atopar o seguro camiño da ciencia? ¿Será imposible? ¿A causa de que, pois, a natureza impuxo á nosa razón o incesante afán de rastrealo como unha das súas máis importantes ocupacións? Máis aínda: ¿que poucos motivos temos para depositar a nosa confianza na razón se nunha das máis importantes parcelas da nosa ansia de saber non se limita a abandonarnos, senón que nos entretén con falsas aparencias e finalmente engana! Quizais simplemente erramos o camiño ata aquí. ¿De que indicios nos podemos valer que nos dean esperanzas de que nunha nova procura vaiamos ser máis afortunados do que o foron outros que nos precederon?

(...) Supúxose ata agora que todo o noso coñecer tería que rexerse polos obxectos; non obstante, todos os intentos para, mediante conceptos, establecer *a priori* sobre eses obxectos algo polo cal se ampliara o noso coñecemento, baixo tal suposto, terminaban en fracaso.

É por iso que probamos a ver se nas tarefas da metafísica non adiantaremos máis partindo do suposto de que os obxectos teñen que rexerse polo noso coñecemento, o cal concorda mellor coa requirida posibilidade dun coñecemento *a priori* dos mesmos, o cal ha de establecer algo sobre os obxectos previamente a que nos sexan dados. Danse aquí circunstancias parellas ás dos primeiros pensamentos de Copérnico quen, como queira que, dando por suposto que todo o exército de estrelas xiraba arredor do espectador, non daba coa explicación dos movementos celestes, probou a ver se non podería ter mellores resultados facendo xirar o espectador e, pola contra, deixando as estrelas quietas.

**I. KANT**; *Crítica da razón pura* (B: 1787), Prólogo

---